

Concello de Vigo  
Praza do Rei, 1, 36202  
Vigo  
PONTEVEDRA

ASUNTO: REMISIÓN DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN FORZOSA, POLO PROCEDEMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA, DOS BENS E DEREITOS QUE SE PRECISAN OCUPAR PARA A EXECUCIÓN DA AMPLIACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO PARA EXPOSICIÓN PÚBLICA

En virtude da Resolución do 18 de agosto de 2022, o director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo acordou aprobar inicialmente o proxecto de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, dos bens e dereitos que se precisan ocupar para a execución da ampliación do Parque tecnolóxico e loxístico (en diante, PTL) de Vigo, e sometelo a información pública polo prazo dun mes, mediante inserción de anuncio no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 52, do 15 de marzo de 2023). Advertido que non se procedeu a publicación en prensa da apertura de este período de información pública, ábrese un novo período de información pública.

Achégolle o proxecto de expropiación forzosa para que se proceda, de novo, a expoñelo nese concello a disposición dos interesados durante o período de un mes dende o anuncio en prensa que se producirá o día 18-09-2024 no diario Faro de Vigo.

Aos efectos oportunos xúntase enlace de descarga do proxecto de expropiación para información pública.

<http://descargas-xuntarquivos.xunta.es/2744a020-e630-4d1f-9b12-5585c28d380a1726598921297>

O subdirector xeral de Promoción Industrial e Solo Empresarial  
Isaac Gómez Piñeiro

